

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Delegacións conferidas a concelleiros/as da nova Corporación municipal. Resolución do 29 de xuño de 2015

DECRETO

Constituída a Corporación Municipal en sesión extraordinaria celebrada o pasado 13 de xuño de 2015, resulta necesario, dentro do prazo dos 30 días seguintes ao da sesión de constitución e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións especiais dentro do límite previsto no artigo 43 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Considerando que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establecen a relación tasada das competencias e atribucións que son susceptibles de delegación.

Tendo en conta que o réxime xeral de delegacións entre os órganos necesarios previstos nos artigos 114 ao 118 do ROF, co alcance, límites e extensión fixados polo citado Artigo 43.5 do mesmo texto legal, esta Alcaldía, en virtude das competencias que confire o artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 62.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, RESOLVE:

1.º.–Outorgar ós Srs./Sras. concelleiros/as que a continuación se indican, as seguintes delegacións especiais relativas ás áreas e servizos que seguidamente se determinan:

ROCÍO MARIÑO LÓPEZ (PSdeG-PSOE)

ASUNTOS SOCIAIS E SAÚDE PÚBLICA

Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Departamento de Servizos Sociais).

Protección da salubridade pública (Departamento de Saúde Pública).

ALEXANDRE DOMÍNGUEZ LADO (PSdeG-PSOE)

RELACIÓN CO MEDIO RURAL

Relacións interadministrativas en materia de políticas do rural, no eido forestal e das actividades agragandeiras.

Cemiterios e actividades funerarias.

Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

SOLEDAD VILELA ROMERO (PSdeG-PSOE)

URBANISMO

Planeamento, xestión e disciplina urbanística.

Protección e xestión do patrimonio histórico.

Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios financeiros sustentables.

Conservación e rehabilitación da edificación.

Medio ambiente urbano, en particular parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

Infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade municipal.

TERESA FERNANDEZ MARTÍNEZ (B.N.G)

CULTURA, EDUCACIÓN E TICS

Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción dos novos centros docentes.

A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Promoción no termino municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicación.

XAN CARLOS SAR OLIVEIRA (B.N.G)

SEGURIDADE, MEDIO AMBIENTE E XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

Relacións interadministrativas en materia de Seguridade e Medio Ambiente

(Policia Local, Protección Civil, Prevención e Extinción de Incendios).

Feiras, abastos, mercados e comercio ambulante.

Estacionamento de vehículos e mobilidade.

Transporte colectivo urbano.

Aqueles outros servizos públicos para os cales non fora delegada competencia ou sexa indelegable.

As delegacións comprenderán a proposta, impulso, dirección interna e xestión dos servizos correspondentes pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

2.º.–A presente resolución surtirá efectos a partir do día seguinte ó da súa sinatura, sen perxuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 44.1 dp RD 2568/1986, do 28 de novembro.

3.º.–Notificar o presente acordo ós/ás interesados/as e dése conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mandouno e asina o Sr. alcalde-presidente, en Fisterra a vinte e nove de xuño de xullo de dous mil quince, do que eu, como secretario, de que certifico.

ANTE MIN

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO

José Marcote Suárez

José Ramón Lema Fuentes

2015/7501